

D. Gonzalo Pérez Jácome, en nome e representación do Grupo Provincial de Democracia Ourensana, presenta ó amparo da lexislación vixente, a seguinte **MOCIÓN relativa á adopción de medidas para aumentar a seguridade do rural fronte a roubos, asaltos e outras formas de violencia**, para ser dictaminada na comisión informativa de Igualdade, Benestar e Emprego para que á súa vez sexa elevada ó próximo pleno do 24 de Febreiro de 2017

### Exposición de motivos

Á tradicional dispersión da poboación rural ourensán, únese nas últimas décadas o problema do profundo despoboamento do rural. O panorama habitual consiste en pequenas aldeas nas que apenas permanecen algúns anciáns. Non se produciu a renovación xeracional desexábel pois ante a falla de perspectivas de futuro, moitos xóvenes optaron por emigrar. Nesas pequenos núcleos illados non hai, en moitos casos, quen poida responder a unha chamada de socorro, e no caso de que un veciño chegue a escoitar esa chamada, probablemente sexa outro ancián sen capacidade de axudar.

Estas son circunstancias favorables para que poidan operar grupos organizados de delincuentes capaces de agredir e asañarse violentamente con anciáns para apropiarse do que en moitas ocasións non é mais que un exíguo botín, como por desgracia xa leva acontecido en varias ocasións recentes. Esas persoas indefensas convírtense dese xeito en branco fácil de quen, con extrema violencia nas súas accións, conseguen infundir o terror en amplas comarcas. As súas vítimas, aínda que loxicamente láianse dos bens sustraídos, o que realmente lles resulta difícil de superar é o violento trance e o trauma que leva consigo.

Temos asistido no pasado ó desmantelamento de varias bandas de delincuentes. Unha vez detidos, non transcorre moito tempo até que de novo temos novas de outros. Namentres non sexamos capaces de mudar algo o escenario, moito nos tememos que estes episodios de violencia continuaran repetíndose.

A violencia, extrema e gratuíta, é parte do *modus operandi* desas bandas. Tratan de atopar vítimas aterrorizadas que, coñecedoras do acontecido en asaltos anteriores, apenas opoñan resistencia.

En Democracia Ourensana consideramos que nos enfrontamos a un grave problema: Estase a sementar o terror entre a poboación de máis idade do rural, en moitos casos, como temos dito, a única que permanece nel. Este desamparado colectivo xa non o entende como un fenómeno esporádico, se non estrutural, vendo como se reproduce unha e outra vez. Vense expostos a que en calquera intre poidan ser vítimas dunha acción deste tipo.



Asistimos o permanente éxodo de esas persoas ata vilas e cidades buscando maior proximidade ós servizos , coberturas sanitarias e asistenciais en xeral. Non deberíamos permitir que a todo elo se lle engada o medo a ser vítimas de desalmados. Todo cidadán ten dereito a desfrutar da seguridade, viva onde viva, e os poderes públicos han de por o maior celo en garantila. Somos conscientes que o risco cero non existe, pero temos que traballar para achegarnos a el tanto como sexa posíbel.

Sabemos que esta Deputación Provincial non ten competencias nin responsabilidades directas en materia de seguridade cidadá. Pero entendemos que como poder público debe preocuparse por un dos graves problemas que ameazan a provincia e liderar os traballos para a súa solución, botando man das medidas indirectas que, no ámbito das súas competencias, poidan contribuír a resolvelo ou a minimizar os seus efectos.

Na axenda máis inmediata da presidencia desta Deputación deben incluírse unha serie de entrevistas cos responsables públicos nesta materia. Da man da Subdelegación do Goberno deberíase instar a Dirección Xeneral da Garda Civil a que se deteña o repliegue dos efectivos con que conta a provincia. Deben facerse constar as especialísimas circunstancias que nela se dan, no que á dispersión do hábitat e ó envellecemento demográfico se refire. En ningunha provincia do Estado coinciden estas dúas circunstancias neste grado. Una maior presenza de este corpo patrullando é un elemento clave de disuasión.

Por outra banda temos que estudar en que medida dende esta institución podemos colaborar, con asesoramento técnico, xurídico ou financeiro no reparto de maior número de efectivos da policía local dos nosos concellos. Estudarse dende as mancomunidades ou dende os propios municipios se poden incrementar as unidades de patrullas nocturnas e como podemos colaborar dende esta Deputación.

Debería abrirse una liña de axudas económicas para que os concellos, no ámbito das súas competencias, puideran contratar persoal ou empresas profesionais de vixilancia, ou calquera outras medidas que se asemellen e que estimasen oportunas e adaptadas ás súas particulares circunstancias.

Como exemplo, poderíase estudar se algún dispositivo telemático ó modo dos empregados pola Cruz Vermella ou polas vítimas de violencia de xénero podería servir de axuda ante esta problemática. Todo elo obrigaría a por en marcha medios e recursos e esta institución debería estar atenta a calquera colaboración que nese senso lle fose demandada polos concellos.




A seguridade e a integridade física dos nosos maiores ten que ser unha prioridade e entendemos que temos que traballar duramente en combater esta lacra que, insistimos, sen ser unha das nosas responsabilidades directas, debe ser unha das nosas principais preocupacións.

É por elo que dende Democracia Ourensana propoñemos as seguintes:

### Propostas

1. Que a Deputación, a través da Subdelegación do Goberno, inste a Dirección Xeral da Garda Civil para frear el repliegue de efectivos, deteña o desmantelamento dos servizos prestados por este organismo na provincia, así como para promover unha maior grao de vixilancia, especialmente pola noite, polas patrullas.
2. Que a Deputación preste aos concellos o asesoramento xurídico e técnico, na medida das súas competencias, que podería proporcionar e que podería axudar a resolver este grave problema.
3. Que a Deputación abra liñas de axuda económica a cada concello, na medida en que poden ser potencialmente afectados polo problema. Por citar algunhas ideas: axudas para a compra de material para a policía local se o houbera, impulsar a creación de grupos de voluntarios de civil ou protección similar, a axuda para a compra de recursos técnicos como mecanismos de alerta dispositivos de telemática alarma de disuasión ou de vixilancia e de formación para o persoal afectadas e para o uso eficiente, a contratación de empresas de seguridade profesionais, etc.

D. Gonzalo Pérez Jácome



***A/A Sr. Presidente de la Diputación Provincial de Ourense***